2025/PES_03/006759	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5258 - 07/04/2025 09:37:43	JESÚSA NÚÑEZ GARCÍA	***3732**	RUA QUIROGA, N.º 57	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006760	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5259 - 07/04/2025 09:38:33	RAQUEL CADENAS GONZÁLEZ	***7752**	AVDA MADRID, N.º 50	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006761	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5260 - 07/04/2025 09:39:19	EDUARDO PEREIRA LÓPEZ	***1266**	RUA QUIROGA, N.º 57	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006762	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5261 - 07/04/2025 09:40:34	SIOMARA REY DÍAZ	***3878**	RUA ANCARES, N.º 22- 24	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006763	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5262 - 07/04/2025 09:41:33	DIVINA DÍAZ	***3878**	PONTES DE GATÍN	27664	BECERREÁ	LUGO	1, 5, 6
2025/PES_03/006764	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5263 - 07/04/2025 09:43:10	MARÍA DEL MAR GARCÍA LORAS	***5142**			BECERREÁ	LUGO	1, 5, 6

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	65/110



NÚMERO DE TRAMITADOR	DATA REXISTRO ORIGINAL	ADMINISTRACIÓN QUE REXISTRA	DATA DE REXISTRO DEPUTACIÓN DE LUGO	N.º DE REXISTRO	INTERESADA	DNI CODIFICADO	DIRECCIÓN EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	OBSERVACIÓN
2025/PES_03/006765	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5264 - 07/04/2025 09:46:38	MONSERRAT LOMBARDIA FERNÁNDEZ	***0836**	SAN MARTIN NEIRA DE REI	27696	BARALLA	LUGO	1
2025/PES_03/006766	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5265 - 07/04/2025 09:52:52	VISITACION FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	***6123**	PENARRUBIA, N.º 3	27696	BARALLA	LUGO	1
2025/PES_03/006768	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5266 - 07/04/2025 09:53:57	GLORIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	***3659**	PENARRUBIA, N.º 3	27696	BARALLA	LUGO	1
2025/PES_03/006769	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5267 - 07/04/2025 09:55:06	CAMILO LOMBARDIA FERNÁNDEZ	***2608**	PENARRUBIA, N.º 3	27696	BARALLA	LUGO	1
2025/PES_03/006770	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5269 - 07/04/2025 09:57:16	DAVID LOMBARDIA FERNÁNDEZ	***5391**	PENARRUBIA, N.º 3	27696	BARALLA	LUGO	1
2025/PES_03/006773	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5271 - 07/04/2025 10:43:57	NOELIA CARRETE CASTAÑO	***8118**			BECERREÁ	LUGO	1,5,6
2025/PES_03/006774	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5272 - 07/04/2025 10:45:11	MILAGROS CASTAÑO RODRÍGUEZ	***3737**			BECERREÁ	LUGO	1,5,6
2025/PES_03/006775	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5273 - 07/04/2025 10:46:00	JOSE A CARRETE FERNÁNDEZ	***1942**			BECERREÁ	LUGO	1,5,6

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	66/110



NÚMERO DE TRAMITADOR	DATA REXISTRO ORIGINAL	ADMINISTRACIÓN QUE REXISTRA	DATA DE REXISTRO DEPUTACIÓN DE LUGO	N.º DE REXISTRO	INTERESADA	DNI CODIFICADO	DIRECCIÓN EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	RESERVA-CIÓN
2025/PES_03/006776	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5274 - 07/04/2025 10:47:18	ROCIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	***3566**	TODON, N.º 11	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006777	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5275 - 07/04/2025 10:48:17	ÓSCAR QUIROGA RODRÍGUEZ	***8264**	VILAR DE MOUROS, N.º 3	27666 S	CERVANTE	LUGO	1
2025/PES_03/006778	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5276 - 07/04/2025 10:49:09	ANDREA SUAREZ FERNÁNDEZ	***5936**	TODON, N.º 3	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006779	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5277 - 07/04/2025 10:51:30	JONATHAN TELO FERNÁNDEZ	***4220**	GUILFREI, N.º 49	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006780	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5278 - 07/04/2025 10:54:27	MARTA CARBALLO VALÍN	***3527**	CADOALLA, N.º 1	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006796	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5293 - 07/04/2025 11:27:16	AURELIA PARDO AIRA	***2026**	OSELLE, CASACAMA, N.º 1	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006797	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5294 - 07/04/2025 11:35:22	VERONICA PARDO ALVAREZ	***5584**	RUA BOLAÑO MENDO, N.º 1 -1.º C	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006798	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO	07/04/25	2025RPE00 5295 - 07/04/2025 11:36:22	MANUEL SALGADO BARCARA	***4800**	VILARELLO, N.º 10	27665	BARALLA	LUGO	1

IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE		Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	67/110



NÚMERO DE TRAMITADOR	DATA REXISTRO ORIGINAL	ADMINISTRACIÓN QUE REXISTRA	DATA DE REXISTRO DEPUTACIÓN DE LUGO	N.º DE REXISTRO	INTERESADA	DNI CODIFICADO	DIRECCIÓN EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	RESERVA-CIÓN
2025/PES_03/00679_9	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5297 - 07/04/2025 11:37:07	ALEJANDRO BLANCO ESTRADA	***9027**	AVDA ANCARES, N.º 18 - 4.º	27650	NAVIA DE SUARNA	LUGO	1
2025/PES_03/00680_1	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5299 - 07/04/2025 11:38:24	ITZIAR MARTIN PARDO	***9897**	RUA BOLAÑO MENDO, N.º 1 - 1.º C	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/00680_7	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5303 - 07/04/2025 11:56:04	REMEDIOS ÁLVAREZ SUAREZ	***2279**	RUA BOLAÑO MENDO, N.º 1 - 1.º C	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/00680_8	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5304 - 07/04/2025 11:56:57	LINO JULIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	***5080**	RUA BOLAÑO MENDO, N.º 2 - 3.º D	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/00681_3	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5312 - 07/04/2025 12:36:44	CARMEN FERNÁNDEZ	***3899**	ANOVELLO, N.º 36	27640	BECERREÁ	LUGO	1,5
2025/PES_03/00681_5	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5314 - 07/04/2025 12:41:47	MANUEL FERNÁNDEZ	***2233**	ANOVELLO, N.º 36	27640	BECERREÁ	LUGO	1,5
2025/PES_03/00681_7	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5316 - 07/04/2025 12:42:37	VICTORINO GALLARDO QUIROGA	***3357**	VILARELLO DA IGREXA 27663 S	27663	CERVANTE	LUGO	1
2025/PES_03/00681_9	07/04/25	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5317 - 07/04/2025 12:43:20	MARÍA DEL PILAR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	***6014**	VILARELLO DA IGREXA 27663 S	27663	CERVANTE	LUGO	1

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	68/110



NÚMERO DE TRAMITADOR	DATA REXISTRO ORIGINAL	ADMINISTRACIÓN QUE REXISTRA	DATA DE REXISTRO DEPUTACIÓN DE LUGO	N.º DE REXISTRO	INTERESADA	DNI CODIFICADO	DIRECCIÓN EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	OBSERVACIÓN
2025/PES_03/006820	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5318 - 07/04/2025 12:44:22	VICTORINO GALLARDO QUIROGA	***3557**	VILARELLO DA IGREXA - 3º IZDA	27663 S	CERVANTE	LUGO	1
2025/PES_03/006822	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5320 - 07/04/2025 12:51:02	ANA MARÍA DIGÓN RODRÍGUEZ	***7544**	AVDA CRUZ ROJA, Nº 7 - 3º IZDA	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006824	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5321 - 07/04/2025 12:54:14	JOSE MANUEL SALGADO CORUÑAS	***4246**	VILARELLO DA IGREXA, Nº 13	27665 S	CERVANTE	LUGO	1
2025/PES_03/006825	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5322 - 07/04/2025 12:55:27	EVA PRADOS GÓMEZ	***1513**	TUCENDE, Nº 4	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006826	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	5323 - 07/04/2025 12:55:53	JAVIER SANTIN VILOR	***4746**	AVDA CRUZ ROJA, Nº 7 - 3º IZDA	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006827	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5324 - 07/04/2025 12:56:29	SONIA PRADOS GÓMEZ	***4742**	TUCENDE, Nº 4	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006829	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5326 - 07/04/2025 13:07:27	ANGELES GÓMEZ LÓPEZ	***9621**	TUCENDE, Nº 4	27640	BECERREÁ	LUGO	1
2025/PES_03/006832	07/04/25 DE BECERREÁ	CONCELLO DE BECERREÁ	07/04/25	2025RPE00 5329 - 07/04/2025 13:15:45	CARMEN PRADOS GÓMEZ	***7365**	TUCENDE, Nº 4	27640	BECERREÁ	LUGO	1

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	69/110



En relación ás observacións da táboa sinalar o seguinte:

- 1: o escrito de alegacións é o mesmo, variando os datos das persoas interesadas, facendo referencia neste documento ao mesmo como "alegación prototipo".
- 2: o escrito de alegacións pertencente ao Grupo Provincial do Partido Popular, representado polo seu voceiro, quen consta como persoa interesada a efectos de notificación.
- 3: o escrito de alegacións consta rexistrado por parte do Concello de Becerreá, constando no escrito como asinante Manuel Martínez Núñez, con DNI ***2008**, actuando en nome e representación do Concello.
- 4: o asento do rexistro remitido polo Concello de Becerreá consta José Fernández González co DNI ***3316**, pero na documentación que se acompaña corresponde á solicitude da interesada do expediente 2025/PES_03/006626.
- 5: non consta no documento presentado lugar e/ou data da formalización do documento, sendo requisito establecido no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 6: non consta na solicitude identificación do medio electrónico, ou na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación, sendo requisito segundo o artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 7: algún dos datos establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas é ilexible.

OITAVO.- En relación á alegación prototipo achegada por 477 persoas, das detalladas na táboa con observación 1, pásase a informar cada unha das cuestións formuladas nos escritos:

En relación ao que se sinala no escrito no que solicita "que a Deputación de Lugo fixe unhas tarifas para os usuarios do Centro Residencial de Becerreá iguais ás establecidas para o resto de Centros de Atención a Maiores que forman parte da rede provincial de centros construídos ou con co-financiamento da institución provincial", indicar o seguinte:

A Deputación de Lugo, sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contan os municipios, iniciou un proxecto para dar resposta á necesidade máis que evidente e manifesta de construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores. Así, ao longo dos últimos anos, fóronse artellando diferentes formas de cooperación e colaboración tanto técnica como económica entre distintos concellos e Deputación de Lugo formalizándose a través de convenios de colaboración interadministrativos, os cales aséntase no marco normativo estatal, autonómico e local. Neste marco xurídico os órganos colexiados das distintas entidades locais son os que dan aprobación aos convenios interadministrativos de colaboración que posibilitan/posibilitaron a posta en marcha de centros de atención as persoas maiores en diferentes municipios, polo que, os prezos públicos actuais foron aprobados polos concellos onde se sitúa cada CAM. Así,

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	70/110



neste momento, son os concellos os que ostentan o réxime xurídico da actividade económica e, polo tanto, os que aproban no seu correspondente Pleno a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial e do servizo de atención diúrna, en base ao establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, ao abeiro do disposto polo artigo 148 en relación co 41, do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Non é a entidade provincial a que regula a participación económica no custo dos servizos, son os propios concellos os que aprobaron as ordenanzas de prezo público vixentes nestes momentos nos CAMS, tal e como xa recolle a Memoria.

No caso que nos ocupa do Centro de Atención a Maiores de Becerreá, destacar que o Concello de Becerreá renunciou á xestión do centro, segundo se recolle no Convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Becerreá para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá. Así este concello manifestou expresamente que a Deputación tería que asumir a xestión do equipamento social consistente na Residencia e Centro de Día comarcal de Becerreá, quedando as obrigacións do Concello cinguidas á cesión de balde da parcela e a achega de 300.000,00€, desvinculándose das prestacións e xestión do centro e, polo tanto, das actividades económicas derivadas da posta en marcha do centro, isto é: do servizo de atención residencial e do servizo de atención diúrna.

Para mais abastanza no propio expediente administrativo do convenio xa se recollía a forma de xestión e explotación do centro, o que o vincula cun contrato de concesión, non sendo posible neste tipo de contratos o prezo público regulado por ordenanzas, senón o que corresponden son as tarifas, como queda exposto xa na Memoria (páxina 157 e ss.). No caso do CAM de Becerreá estarase a falar dun prezo privado, o cal non implica que non estea intervido pola Administración, neste caso mediante o procedemento contractual oportuno. Para máis abastanza a sentenza do TS do 23 de xuño de 2020, nº 856/2020, recurso 283/2018 contempla que no suposto de prezo privado se estará á regulación establecida nos correspondentes pregos de prescricións técnicas (PPT) e de cláusulas administrativas(PCAP) do procedemento contractual, onde se establecen as tarifas para abonar polas persoas usuarias.

En relación ao futuro pago por parte das persoas usuarias no CAM de Becerreá baixo o paraugas do modelo de xestión que se está a tramitar será un prezo privado, polo que non será preciso unha ordenanza, non fiscal, senón que a tarifa (prezo privado intervido) establecerase no procedemento contractual correspondente.

Todo o sinalado indica que non se pode fixar uns prezos públicos para o CAM de Becerreá iguais aos establecidos para o resto de centros conveniados pola Deputación de Lugo, pola propia natureza da xestión.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	71/110



Conclusión:

Non se pode establecer os prezos públicos dos centros de atención a persoas maiores que xestiona a Deputación de Lugo na actualidade no CAM de Becerreá por ter natureza xurídica diferenciada, sen que isto impida que a tarifa (importe económico a achegar polas futuras persoas usuarias) estea intervida pola Administración, neste caso mediante o procedemento contractual correspondente.

En todo caso, salienta que a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, na que se determina a súa forma de xestión, xa recolle que cando se formalicen as tarifas a Deputación poderá artellar unhas axudas para aquelas persoas, que de xeito excepcional e ou transitorio, precisaran dunha achega económica para facer fronte ao custo da praza que ocupan no centro de atención a persoas maiores de Becerreá, limitando tales axudas ao padrón histórico, capacidade económica, etc. e sempre tendo como referencia o prezo público do resto de centros que xestiona a Deputación de Lugo, cuestión que equiparária o esforzo económico das persoas usuarias en función da capacidade económica para todos os CAMS, con independencia do tipo de xestión.

En relación a “Que a Deputación de Lugo destine os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construción do centro residencial comarcal de Becerreá ás actuacións relativas á dotación de equipamento e mobiliario previstas e establecidas no convenio”, sinala o seguinte:

O 19.12.2016, a Deputación de Lugo e o Concello de Becerreá subscribiron entre as partes un convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal de Becerreá. No devandito convenio establecíase na cláusula terceira, achegas, obrigas e compromisos das partes, en concreto :

“ (...)

3.1. a) Deputación Provincial de Lugo: achegas e obrigas

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial obrígase ao seguinte:

1. Financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto deste Convenio, sinaladas na cláusula primeira (relativas a demolición da construción existente e construción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá) con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), (...).

3.1.b) Compromisos xerais que asume a Deputación Provincial de Lugo, sen cuantificación económica:

3.1.b.1) Equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

3.1.b.2) A posta en funcionamento e xestión do equipamento social (centro de día e residencial), de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	72/110



xurídico e nomeadamente o establecido nos artigos 85 da Lei de bases de réxime local e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos (art. 1.1).

3.1.b.3) Fixar uns prezos por praza acordes co fin do servizo social que presta, baseados nos correspondentes informes técnicos e no caso de concerto de prazas coa Xunta de Galicia, nos que determine a mesma en relación cos seus centros.

3.1.b.4) A Deputación asume o compromiso, chegado o caso, de realizar oferta pública de prazas para a prestación das actividades específicas de centro de día e residencia (...)"

Na cláusula sexta no punto 6.1. establécese que a vixencia do convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura (19.12.2016), aínda que con efectos económicos desde o 01.01.2016 e manterase ata o cumprimento do mesmo e unha vez terminen o conxunto de actuacións e obrigas de contido económico adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas nas cláusulas primeira, terceira e cuarta en canto ás achegas e obrigas cuantificadas economicamente, respectando o establecido o artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP). Así mesmo, no apartado 6.2. desta cláusula establecece que en todo caso a vixencia do convenio concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se inicie a prestación dos servizos sociais, de conformidade cos acordos que legalmente procedan e nas modalidades de xestión habilitadas polo ordenamento xurídico, propias da residencia e centro de día.

Para a prestación efectiva dos servizos a prestar no CAM de Becerreá é preciso dispoñer de un Permiso de Inicio de Actividades (PIA) segundo o recollido no artigo 24 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que, se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. Así pois a autorización de inicio de actividade ten por finalidade comprobar que os centros que se van a poñer en funcionamento dispoñen dos medios materiais, persoais e funcionais específicos para o correcto desenvolvemento dos servizos sociais que se pretenden prestar,

A data actual é de imposibilidade técnico-material a obtención do permiso de inicio de actividade, entre outros factores derivados dos requirimentos técnicos e legais, así como, o volume das alegacións, e suxestións presentadas durante o procedemento da posta en marcha do CAM, incluída o relativo á aprobación da Memoria dos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, na que se determina a súa forma de xestión. Notar que sen ter aprobado un modelo xestión non se poden especificar os medios materiais, persoais e funcionais cos que contará o centro de atención a maiores.

A Memoria tamén recolle que "En relación á equipación do centro, pola experiencia de quen subscriben, de deseñar e formular os cupos de traballo, protocolos, etc. non se fai do mesmo xeito cando a equipación está feita desde unha perspectiva que desde outra. Por elo, parece prudente en aras de que a posible futura operadora determine, dentro duns parámetros de calidade mínimos establecidos pola Deputación equivalentes aos

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	73/110



actuais e novos centros desta entidade local, adquira a equipación conforme ao seu saber facer.”

Esto non é contrario ao convenio, xa que a equipación do centro, segundo se establece nel, realizarase, previa valoración e cuantificación das necesidades, cuestión que se recolleu de xeito expreso na citada Memoria.

En todo caso salientar que o convenio non está liquidado ao non estar cumpridas as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo. Cando proceda a liquidación do mesmo por estar cumpridos os fins, e de ser o caso, a devolución da parte económica correspondente ao Concello de Becerreá.

Conclusión:

A Deputación de Lugo destinará os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construción do centro residencial comarcal de Becerreá ás actuacións relativas á dotación de equipamento e mobiliario previstas e establecidas no convenio a aqueles aspectos de inversión non contemplados no proxecto inicial e necesarios, notando que no caso de existir aínda así sobrantes, estes serán tramitados na liquidación do convenio. Esat cuestión non é contraria a levar a cabo a equipación, despois de realizar unha valoración e cuantificación das necesidades técnicas, unha vez rematas as obras de edificación, a equipación do xeito mais conveniente por razóns técnicas, que no caso de aprobarse de xeito definitivo a xestión indirecta, parece que o máis pertinente é que a operadora leve a cabo a equipación para que esta se axuste a seus condicionantes técnico-operativos.

No escrito relativo a que “a Deputación de Lugo, independentemente da súa decisión de optar por unha forma directa ou indirecta para a xestión do servizo no Centro de Día e Residencial comarcal de Becerreá garanta que en este se preste un servizo de calidade ao que os usuarios accedan nas mesmas condicións que os usuarios do resto de centros da rede provincial de forma que, con independencia do concello onde residan, se asegure a igualdade entre todos os veciños da comarca”, sinalar o seguinte:

A proposta de Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Becerreá garante que todos os veciños da provincia de Lugo, independentemente de onde residan, poidan acceder en condicións de igualdade ás prestacións e servizos que se presten, e tamén garante a prioridade de acceso aos veciños e veciñas que residen nos Ancares, e de xeito expreso do Concello de Becerreá, pois en dita ordenanza apróbase un Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade co que se establece a orde de prelación no acceso aos servizos, e dentro deste as escalas física, social e de proximidade que adecúan o recurso ás necesidades das persoas solicitantes. Este Baremo é equivalente ao actual vixente aprobado para o resto dos CAMS xestionados pola Deputación de Lugo.

A elección entre un modelo de xestión directa ou indirecta non condiciona por se mesma a calidade do servizo, sempre que se establezan os mecanismos adecuados de control, seguimento e avaliación, tal e como se prevé neste caso. A proposta de Ordenanza

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	74/110



garante que o centro prestará un servizo público de calidade, que responderá ás necesidades das persoas maiores do Concello, da comarca e da provincia.

Conclusión:

A xestión indirecta é independente da calidade das prestacións do servizo, cuestións que estarán garantidas mediante:

A ordenanza de acceso, na cal a redacción xa recolle que as potenciais usuarias accedan nas mesmas condicións que as persoas usuarias do resto de centros que xestiona a Deputación de Lugo de forma que, con independencia do concello onde residan, se asegure a igualdade entre todos os veciños da comarca, primando a proximidade ao centro, xa que se recollen no texto as equivalentes escalas de avaliación.

O establecemento de cláusulas contractuais que garantan a transparencia e o control sobre a calidade do servizo. Isto inclúe mecanismos de supervisión e avaliación que aseguren o cumprimento dos estándares establecidos.

Ambas cuestións xa constan recollidas xa de xeito expreso na Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá.

NOVENO.- En relación ao documento de suxestións presentado polo voceiro do Grupo Provincial Popular, no Rexistro da Deputación de Lugo 03.04.2025 co CSV IV7SSLR2CAUPJZBY45HSOMBG44, no cal concluíase que de cara a facer as modificacións precisas co obxecto de garantir:

“ A igualdade de prezo para os futuros usuarios do CAM de Becerreá con respecto ao resto de centros construídos, xestionados ou impulsados pola Deputación Provincial de Lugo. Que o sistema de xestión escollido polo goberno provincial non afecte á calidade asistencial aos usuarios.

Que a Deputación Provincial cumpra os compromisos asinados no convenio de dedicar a baixa económica da obra ao equipamento do inmovible.

O pulo necesario para a apertura no menos prazo posible do CAM de Becerreá de cara a dar servizo aos veciños deste municipio e toda a comarca.”

En relación ao primeiro apartado “A igualdade de prezo para os futuros usuarios do CAM de Becerreá con respecto ao resto de centros construídos, xestionados ou impulsados pola Deputación Provincial de Lugo”, indicar o seguinte:

As ordenanzas reguladoras do prezo público dos servizos de atención residencial e atención diúrna, dos centros de atención a persoas maiores que ten en marcha a Deputación de Lugo en colaboración cos diferentes Concellos, veñen determinados por plans de viabilidade elaborados na anualidade 2018 e seguintes.

Nas diferentes ordenanzas de prezo público recóllense que o “Custe de referencia do servizo de atención residencial, que será o determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas que acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice de Barthel e 1.080,00€ para

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	75/110



as persoas que non acaden unha puntuación de dependente segundo o Índice mencionado. Estas contías revisaranse anualmente.”

Isto supón que os Concellos, Administración local titular da ordenanza (non a Deputación de Lugo), debe levar a cabo unha actualización dos prezos de referencia de xeito anual. Polo que, non é a Deputación de Lugo a responsable de actualizar os prezos de referencia dos CAMS, senón, os concellos, neste momento, tal e como xa consta na Memoria e se deriva do réxime xurídico de cada CAM publicados no BOP de Lugo.

As ordenanzas reguladoras de prezo público foron aprobadas polos diversos concellos que contan con convenio interadministrativo de colaboración: marco e específico, sendo na actualidade os concellos de Castroverde, Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada.

Por outra banda, sinalar que as actuais ordenanzas establecen que en base ao recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo, contando deste xeito unha determinación da participación económica en función da capacidade económica de cada persoa.

Para o caso do CAM de Becerreá a participación económica de cada persoa usuarias virá determinada polo importe da adjudicación final do contrato da concesión de servizos tal e como establece a normativa vixente.

Non obstante a Memoria xa recolle que a Deputación de Lugo despois de coñecer o resultado da contratación e vistos os prezos resultantes “poderá consignar anualmente nos seus orzamentos unha cantidade coa finalidade de axudar a sufragar o prezo que abonen as persoas usuarias máis vulnerables e que cumpran certos requisitos, que deberán ter en conta, en todo caso, os recursos propios das mesmas, así como as prestacións económicas vinculadas ao servizo e outras posibles axudas que reciba doutras administracións”.

Así a Deputación xa recolle na memoria o establecemento de axudas para aquelas persoas que, de xeito excepcional e ou transitorio, precisaran dunha axuda para facer fronte ao custo da praza que ocupan no centro de atención a persoas maiores de Becerreá, limitando tales axudas ao padrón histórico, capacidade económica, etc. e sempre tendo como referencia o prezo público do resto de centros da Rede da Deputación de Lugo.

Destacar que a administración con competencias en materia de Política Social, non garante na actualidade unha igualdade de prezo entre as persoas usuarias dos servizos de atención residencial que presta en toda a comunidade autónoma, xa que a achega da persoa usuaria varía en función do recurso asignado: se é unha praza de persoa sen grao de dependencia ou Grao I, se é persoa con dependencia en Grao II ou III, a capacidade económica da persoa beneficiaria e o tipo de xestión do recurso asignado (centro con contrato de concesión de servizos, centro privado sen concesión de servizos, centro con prazas pública concertada e centro de xestión 100% pública).

Así pois, a achega da persoa usuaria ao custo do servizo non vén determinada pola capacidade económica establecida conforme aos criterios recollidos no Decreto

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	76/110



149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, a achega vai vir determinada polo centro residencial onde se lle adxudique a praza conforme ao Programa de Asignación de Recursos, cuestión que produce unha desigualdade que a Deputación non pretende que ocorra nos seus centros, mediante a articulación das diferentes medidas técnico-económicas.

Conclusión:

A Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, na que se determina a súa forma de xestión xa recolle medidas para garantir a igualdade da participación económica de cada persoa usuaria do CAM de Becerreá con respecto ao resto de centros construídos, xestionados ou impulsados pola Deputación Provincial de Lugo.

En relación a “Que o sistema de xestión escollido polo goberno provincial non afecte á calidade asistencial aos usuarios”, indicar o seguinte:

A Lei de servizos sociais de Galicia establece, no seu artigo 29, as formas de prestación dos servizos sociais: os cales serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) a xestión directa, b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, c) mediante o réxime de concerto social previsto na presente lei, d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. Na Memoria propónse a xestión indirecta dos servizos, axustado ao recollido na lei galega de servizos sociais.

Tal e como recolle a normativa, así como, a propia Memoria, aínda que se delegue a xestión a terceiros, pódense e débense establecer cláusulas contractuais que garantan a transparencia e o control sobre a calidade do servizo. Isto inclúe mecanismos de supervisión e avaliación que aseguren o cumprimento dos estándares establecidos. As prestacións a cubrir teranse que levar a cabo conforme ao Prego de Prescricións Técnicas (PPT) os cales teñen por obxecto describir as prestacións: obrigacións, características, condicións técnicas, actividades específicas e materiais que deben ser asumidas e desenvoltas pola entidade que resulte adxudicataria do contrato.

Así a propia Memoria indica que “nesta xestión indirecta teranse que artellar os controis de inspeccións e supervisión necesarios e suficientes, baseados no control público, na calidade, na independencia, na obxectividade, na profesionalidade e na experiencia do persoal ao servizo da administración, respectando o exercicio de potestades públicas por parte do persoal do resto de administracións, como instrumento garante no exercicio das funcións e decisións que esta xestión implica por parte dos técnicos e co especial mención do persoal desta administración local. En base ao sinalado, así como, no establecido na LCSP, onde se indica que previamente a proceder á contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá establecerse o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma e

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	77/110



se determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo. Así, en base ao sinalado, procede aprobar unha Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Becerreá, así como, os regulamentos de réxime interno para ambos servizos.”

O modelo de xestión de concesión de servizos non está rifada coa calidade de atención. Así, nos últimas semanas se está a comprobar como outros centros residenciais da nosa provincia (Paradela e Castro de Rei) seguen a licitar o servizo baixo esta modalidade, entendendo que estas entidades locais non manterían un modelo de xestión que non garanta a calidade dos servizos atención residencial ás persoas maiores ou con discapacidade.

Destacar que máis do 75% das prazas de atención residencial da comunidade autónoma de Galicia dependentes da Consellería de Política Social son de xestión 100% privada.

Enténdese que non procede unha alegación a algo que non está nin aprobado nin publicado. O expediente de contratación e, polo tanto, o prego resultante deberase de axustar de xeito escrupuloso ao esixido na Lei de contratos de Sector Público e de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da mesma.

Tanto as ordenanzas como regulamento de réxime interno do CAM de Becerreá xa contempla a protección das prestacións e, polo tanto, das persoas usuarias.

Conclusión:

O modelo de xestión indirecto non implica non ter calidade asistencial, sendo unha das forma de xestión reguladas na normativa sectorial galega e de uso maioritario por parte de administracións locais e autonómica para o servizos de atención residencial e servizos de atención diúrna, entendendo que a Xunta de Galicia non levaría a cabo un tipo de xestión que non garantira a mesma calidade prestacional en todos os centros da súa responsabilidade/titularidade por igual.

En relación a “O pulo necesario para a apertura no menos prazo posible do CAM de Becerreá de cara a dar servizo aos veciños deste municipio e toda a comarca”, indicar o seguinte:

A Deputación de Lugo está a facer un gran esforzo na posta en marcha do CAM de Becerreá, pero sen deixar de atender as demais obrigas dentro do marco da legalidade.

A realidade é que a posta en funcionamento dun centro de atención a persoas maiores supón un proceso de elevada complexidade técnica, xurídica e administrativa, que require tempo e rigor normativo. Esta dificultade vese agravada cando quen promove o proxecto é unha administración como a Deputación de Lugo, que non conta con competencias plenas en materia de servizos sociais. Tal circunstancia obriga a artellar solucións innovadoras e adaptadas ás limitacións dunha institución provincial, cuxos medios materiais, humanos e estruturais non son comparables aos dunha administración autonómica.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	78/110



Malia estas limitacións, a Deputación de Lugo impulsou a posta en marcha dunha rede de centros públicos que inclúe xa nove equipamentos distribuídos polo territorio provincial, nun esforzo decidido por contribuír á atención á dependencia no ámbito local. Este compromiso mantense vixente, coa previsión de continuar ampliando a rede cun número aínda maior de centros, sempre dentro das posibilidades organizativas, xurídicas, técnicas e financeiras desta administración, a pesar da falta de apoio desde outras institucións e administracións.

Cómpre ter en conta que a dimensión organizativa, os recursos humanos e a capacidade operativa dunha Deputación provincial non son equiparables aos dunha comunidade autónoma, o que implica que a tramitación, deseño e execución de proxectos deste tipo esixa prazos máis dilatados e un esforzo organizativo maior. Así e todo, a Deputación está a realizar un importante esforzo para avanzar nun modelo de atención á dependencia que complementa e reforza as actuacións doutras administracións, actuando con responsabilidade institucional e sen invadir competencias alleas.

Conclusión:

A Deputación de Lugo leva a cabo a posta en marcha do CAM de Becerreá adicando todos os recursos dispoñibles, pero sen esquecer que estes son limados e que ten que dar cobertura aos centros xa abertos, ademais de cumprir os trámites establecidos pola normativa, os cales implican uns prazos administrativos.

En relación a “Que a Deputación Provincial cumpra os compromisos asinados no convenio de dedicar a baixa económica da obra ao equipamento do inmovible”, indicar o seguinte:

O Convenio citado establece que:

“En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes fins:

Primeiro .- Aos custes das direccións facultativas que se precisen, de ser xustificadamente externalizadas, tanto en relación coa demolición da edificación existente, como coa contratación do equipamento do centro de día e residencial comarcal de Becerreá. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Segundo.- Ao pagamento de tributos que se liquiden para autorizar a posta en funcionamento e actividade do equipamento residencial.

Terceiro.- A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado seguinte (3.1 b)

Así mesmo, o apartado 3.1.b, sinala, entre outros, 1) Equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

A valoración da equipación levouse a cabo practicamente rematadas as obras de edificación, dentro do marco das accións da posta en marcha. Comprobado a situación do centro, dentro das competencias e medios deste servizo, iniciouse a avaliación

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	79/110



técnica recollida no citado punto 3.1.b.1) do convenio para equipar o centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades de inversión, constando informe do mesmo co CSV IV7U6YDLIFG37FP7CBGSG5ZAIL.

A Memoria recolle que “En relación á equipación do centro, pola experiencia de quen subscriben, de deseñar e formular os cupos de traballo, protocolos, etc. non se fai do mesmo xeito cando a equipación está feita desde unha perspectiva que desde outra. Por elo, parece prudente en aras de que a posible futura operadora determine, dentro duns parámetros de calidade mínimos establecidos pola Deputación equivalentes aos actuais e novos centros desta entidade local, adquiera a equipación conforme ao seu saber facer.” Esto non é contrario ao convenio, xa que a equipación do centro, e establece o convenio, se realizará, previa valoración e cuantificación das necesidades, cuestión que se levou a cabo na redacción da citada Memoria.

Esto non exige de que no futuro a Deputación de Lugo poida, unha vez rematadas todas as inversións/obras, liquidar o convenio como corresponda legalmente.

Conclusión: A Deputación Provincial cumpre cos compromisos asinados, no relativo a obra ao equipamento do inmovible, sinalando que esta destinará os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construción do centro residencial comarcal de Becerreá ás actuacións relativas á dotación de equipamento e mobiliario previstas e establecidas no convenio a aqueles aspectos de inversión non contemplados no proxecto inicial e necesarios, notando que no caso de existir aínda así sobrantes, estes serán tramitados na liquidación do convenio. Esta cuestión non é contraria a levar a cabo a equipación, despois de realizar unha valoración e cuantificación das necesidades técnicas, unha vez rematas as obras de edificación, a equipación do xeito mais conveniente por razóns técnicas, que no caso de aprobarse de xeito definitivo a xestión indirecta, parece que o máis pertinente é que a operadora leve a cabo a equipación para que esta se axuste a seus condicionantes técnico-operativos, tal e como se recolle na Memoria.

DÉCIMO.- En relación ao documento de alegacións presentadas polo Concello de Becerreá, no Rexistro da Deputación 04.04.2025 co CSV IV7SSPTIDUPM5NNYRVUNIR3E6E, sinalar o seguinte:

“En todo caso, el Ayuntamiento de Becerreá, atendendo a la información a la que sí ha tenido acceso, considera necesario formular alegaciones respecto a la Memoria Social, Jurídica, Técnica y Financiera, mediante las cuales debe denunciar:

(i) Que los términos de Memoria suponen incumplir las obligaciones que la Diputación asumió mediante el Convenio de 19 de diciembre de 2016.

(ii) Que el incumplimiento manifiesto del Convenio que supondría la puesta en marcha de la residencia, en los términos de la Memoria, hace inviable jurídicamente la licitación de un eventual contrato para la gestión indirecta de la residencia y centro de día.”

(...)

Polo seguintes motivos :

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	80/110



PRIMERO. Los términos de la Memoria resultan contrarios a las obligaciones que asumió la Diputación en virtud del Convenio. La Diputación está obligada a destinar a la adquisición de mobiliario y equipamiento el importe de la baja de licitación del contrato de obras para la construcción de la residencia. Sin embargo, la Memoria establece que la adquisición de mobiliario y equipamiento correrán a cargo del gestor indirecto del servicio

(...)

SEGUNDO. Imposibilidad de convocar una licitación para la adjudicación de la gestión indirecta del servicio público en las condiciones previstas por la Memoria, dado que dicha licitación supondría incumplir el Convenio y estaría incurso en causa de nulidad.(...)"

En relación a que "La Diputación está obligada a destinar a la adquisición de mobiliario y equipamiento el importe de la baja de licitación del contrato de obras para la construcción de la residencia", indicar o seguinte:

O obxecto do convenio consta recollido na cláusula primeira, na cal indícase que o Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Becerreá e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de Demolición de edificación Antigo Fogar Escola e construción e xestión dun centro de día e residencial Comarcal en Becerreá, recollendo na mesma cláusula que "Rematada a construción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá, a xestión será responsabilidade da Deputación Provincial, determinándose nese ítem temporal a forma de xestión e prestación de tales servizos sociais, cualificados pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, como servizo público (art. 1.1), consonte ao previsto no artigo 85 da Lei de bases de réxime local en relación co artigo 29 da Lei de servizos sociais de Galicia, nos termos previstas nas restantes cláusulas deste convenio.(...)"

Neste senso, e tal e como xa recolle a Memoria na súa páxina 142, "(...) no ano 2016, por petición expresa do propio Concello, renegou de participar na determinación da actividade económica e réxime xurídico, quedando así reflectido no Convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal de Becerreá (...)"

En aras de levar a cabo a determinación da xestión do CAM de Becerreá, tendo en conta a normativa vixente, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 24.09.2024 deu aprobación á designación dunha Comisión de estudio conforme ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, co obxecto de dar trámite a actividade económica e o réxime xurídico conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local do CAM de Becerreá, como xa se mencionou, así como, na mesma sesión plenaria acordouse iniciar o expediente de aprobación da

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	81/110



actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O obxectivo da Memoria é establecer a actividade económica e o réxime xurídico do CAM de Becerreá, para o cal tívose en conta o Convenio citado, engadido no relativo á equipación. Así as obrigas da Deputación recollidas son: financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto do Convenio, sinaladas na cláusula primeira con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na Lei de Contratos do Sector Público; executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente; establecer nos pregos reitores das licitacións para a demolición da edificación existente a para a construción do equipamento de centro de día e residencia que a entidade adxudicataria asuma o pagamento dos tributos que se liquiden, en lugar da Deputación.

Tamén se indica no citado documento que en caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes fins: (...) a equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado seguinte (3.1 b). Este apartado 3.1.b, establece que se debe :

3.1.b.1) Equipar o Centro residencial, **previa valoración e cuantificación das necesidades**, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

3.1.b.2) A posta en funcionamento e xestión do equipamento social (centro de día e residencial), de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento xurídico e nomeadamente o establecido nos **artigos 85 da Lei de bases de réxime local** e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos (art. 1.1)”

Ambos requisitos, entre outros, quedan acreditados na redacción da Memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica do CAM de Becerreá.

Por outra banda, non se recolle no Convenio ningunha disposición que prohiba o impida de xeito expreso que a Deputación opte por unha concesión de servizos na que se engada o mobiliario.

Entendese que o obxecto do convenio é a construción e posta en marcha do CAM, se se fora a literalidade do texto, non se tería nunca rematado o CAM de Becerreá xa que o proxecto arquitectónico proporcionado polo Concello e autorizado pola Xunta de Galicia non contemplaba o Centro de Transformación, sen o cal non sería posible contar con subministro eléctrico e, polo tanto, non podería ter actividade. Sen embargo a Deputación de Lugo, levou a cabo tal equipación en aras de cumprir o fin último do Convenio que non é outro que a creación do CAM de Becerreá e posta en marcha da súa actividade social.

Conclusiones:

O convenio establece como obxectivo a creación do demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial Comarcal en

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	82/110



Becerreá, recollendo que é a Deputación é responsable de financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto deste Convenio, sinaladas na cláusula primeira (relativas a demolición da construción existente e construción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá) e, polo tanto, non se recolle de xeito expreso a equipación.

Tamén asume a obriga de executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente, salientando que o equipamento non constaba nin valorado ni cuantificado de xeito económico.

Se ben é certo que, no texto recóllese que as baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, a equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado 3.1.b). Así este apartado sinala que se debe equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación, debendo levar a cabo a posta en funcionamento e xestión do equipamento social, de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento xurídico e nomeadamente o establecido nos artigos 85 da Lei de bases de réxime local e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos.

Así pódese indicar que na redacción da Memoria cumpríuse estritamente o recollido no Convenio, xa que, levouse a cabo unha avaliación da equipación e determinouse na redacción da Memoria, que no caso de dar aprobación á modalidade de xestión indirecta, parece pertinente que fora a adjudicataria a que realizara a equipación da que carece o centro, estando xa estimado no plan de viabilidade.

En todo caso o convenio non consta liquidado, sendo este o momento en que os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construción do centro residencial comarcal de Becerreá e non utilizados para outros aspectos recollidos no convenio serán tramitados correspondentemente. Cuestión que non é contraria a levar a cabo a equipación, despois de realizar unha valoración e cuantificación das necesidades técnicas, unha vez rematas as obras de edificación, a equipación do xeito mais conveniente por razóns técnicas, que no caso de aprobarse de xeito definitivo a xestión indirecta, parece que o máis pertinente é que a operadora leve a cabo a equipación para que esta se axuste a seus condicionantes técnico-operativos, atl e como se recolle na Memoria.

Por este motivo de asumir a inversión a operadora, e como recollen as alegacións, parece conveniente que se exima do canon da explotación á operadora, xa que o obxectivo da Deputación de Lugo debe ser a máxima calidade prestacional co menos custe para as persoas usuarias. Non obstante a esixencia de canon é lícita tal e como se recolle na LCSP, pero non obrigatorio.

En relación a “ Imposibilidade de convocar una licitación para la adjudicación de la gestión indirecta del servicio público en las condiciones previstas por la Memoria, dado

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	83/110



que dicha licitación supondría incumplir el Convenio y estaría incurso en causa de nulidad”, sinalar que:

A alegante sinala que concorren motivos suficientes para soste que unha licitación nos termos recollidos na Memoria sería contraria aos compromisos convencionais adquiridos e, en definitiva, oposta á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao vulnerar os principios básicos que deben rexer a preparación e adxudicación dos contratos públicos e ao pretender trasladar un investimento que, segundo o Convenio, correspondía á Deputación.

Neste punto reiterar o sinalado para o apartado anterior, xa que na redacción da Memoria cumpríuse estritamente o recollido no Convenio, xa que, levouse a cabo unha avaliación da equipación e determinouse na redacción da mesma, que no caso de dar aprobación á modalidade de xestión indirecta, parecía pertinente que fora a adxudicataria a que realizara a equipación da que carece o centro, estando xa estimado no plan de viabilidade, cuestión que non é contraria ao Convenio cuxo obxectivo era e é a creación do demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial.

En todo caso a Deputación remitirá o expediente correspondente, previa á licitación, á Oficina Nacional de Avaliación (ONE), órgano colexiado integrado na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, cuxa finalidade, entre outras, é a análise da sustentabilidade financeira dos contratos de concesión de servizos de conformidade co disposto no artigo 333 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto o procedemento da licitación a Deputación, como xa recolle na memoria, estarase ao disposto na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP). Segundo o artigo 135.5 da citada nos contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV a convocatoria de licitación se realizará en todo caso mediante o anuncio de información previa a que se refire a Disposición adicional trixésima sexta, a cal establece que os órganos de contratación que celebren contratos de concesións de servizos especiais do anexo IV utilizarán como medio de convocatoria de licitación un anuncio de información previa que deberá ter o contido establecido no anexo III. B. Sección 3. Estes anuncios publicaranse no «Diario Oficial de la Unión Europea» e no perfil de contratante, garantindo así a súa publicidade e a concorrència. Tamén se recolle que nos atopamos ante unha concesión de servizos especiais do Anexo IV, e polo tanto, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, alo menos, o 51 por cento da puntuación a asignar na valoración das ofertas, sen prexuízo do disposto non apartado 2.a) do artigo 146, así como, terase en conta a Disposición adicional cuadraxésima sétima da LCSP que recolle os principios aplicables aos contratos de concesión de servizos do Anexo IV.

A Memoria establece que a xestión do servizo realizarase en réxime de libre concorrència no mercado, atraendo operadores especializados que poden achegar experiencia na xestión de centros de características similares e recursos adicionais, cunha atención máis adaptada ás necesidades do centro, mellorando así a calidade do

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	84/110



servizo, mediante a aplicación de modelos de xestión que permitirán unha maior adaptabilidade ante cambios na demanda de servizos residenciais e atención diúrna facilitando a implementación de novos programas e servizos segundo as necesidades da poboación.

En todo caso salienta que a Memoria xa recolle un estudo dos efectos do centro de atención a maiores sobre a concorrència empresarial cunha análise do mercado, relativo á oferta e á demanda existente, á rendibilidade e ós posibles efectos na actividade local sobre e na concorrència empresarial, así como, o establecemento de cláusulas contractuais que garantan a transparencia e o control sobre a calidade do servizo, o incluíndo mecanismos de supervisión e avaliación que aseguren o cumprimento dos estándares establecidos pola Deputación de Lugo.

Conclusión:

Enténdese que a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, na que se propón unha forma de xestión para o Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá non incorre en ningunha das causas recollidas no artigo 47 relativas á nulidade de pleno dereito da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando de xeito enmarcada a futura licitación dentro da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público e a normativa sectorial en materia de servizos sociais co especial mención na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Tendo en conta o sinalado, a Comisión de Estudio rexeita as alegacións achegadas á Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, salientando que as suxestións achegadas xa constan recollidas na Memoria.”

Con base ao exposto e co obxecto de dar cumprimento na normativa de aplicación e coa finalidade da posta en marcha do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, para o que se precisa a aprobar definitiva da actividade económica e do seu réxime xurídico, conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, levouse a proposta de quen subscribe co CSV IV7TUTYJPNWKZCVYYP5E53QGG4 á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno a cal, por maioría, coa abstención dos señores deputados don José Angel Santos Sánchez, don José Pardo Lombao e don Armando Castosa Alvariño, acordou ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procedera.

O 29.06.2025 o Pleno da Corporación, por maioría, acorda rexeitar o a proposta presentada e anteriormente citada.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	85/110



Visto o informe emito pola Secretaría Xeral co CSV IV7TQH32OH567JE46QPE7YPHAE relativo á viabilidade xurídica de someter novamente á consideración do Pleno da Deputación Provincial de Lugo o asunto, antes citado, denominado Proposta relativa á aprobación definitiva da actividade económica e do réxime xurídico do Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá por non acadar na sesión plenaria ordinaria de xuño de 2025 unha maioría suficiente para súa aprobación, no cal conclúese que en virtude das consideracións xurídicas recollidas no informe, nada impide que un acordo que non obtivo a maioría necesaria para a súa aprobación poida ser elevado á consideración do Pleno para o seu debate, votación e aprobación, se acada a maioría necesaria.

Así, tendo en conta a importancia e a necesidade da posta en marcha do CAM de Becerreá, e visto as alegacións para manifestar o voto en contra por parte de membros da corporación e que nada impide que o asunto, recollido nesta proposta, poida ser elevado á consideración do Pleno para o seu debate, votación e aprobación, PROPOÑO que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións achegadas relativas á Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, na que se recolle: o estudio de viabilidade técnica, económica e financeira; a oportunidade e conveniencia da actividade; e a súa forma de xestión.

SEGUNDO.- Aprobar de xeito definitivo a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, na que se recolle: o estudio de viabilidade técnica, económica e financeira; a oportunidade e conveniencia da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar de xeito definitivo a Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

CUARTO.- Aprobar, de xeito definitivo, o Regulamento de réxime interno do servizo de atención residencial do centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

QUINTO.- Aprobar, de xeito definitivo, o Regulamento de réxime interno do servizo de atención diúrna do centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	86/110



SEXTO.- Aprobar o Réxime xurídico do servizo público, asumíndoo como propio da Deputación de Lugo, quedando determinado na memoria aprobada de xeito definitivo o alcance das prestacións en favor das persoas administradas e os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

SÉTIMO.- Aprobar a realización dos trámites regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia relativos á actividade económica e o réxime xurídico do centro de atención a persoas maiores de Becerreá."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Héctor Manuel Corujo González, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=4>

--oo0oo--

5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE MANTEÑA OS SERVIZOS MÉDICOS NOS CONSULTORIOS DO RURAL DURANTE O VERÁN E UN PLAN DE CHOQUE PARA EVITAR OS PECHES E A REDUCCIÓN NOS HORARIOS DE ATENCIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

87

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	87/110



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno para reclamar á Xunta de Galicia que manteña os servizos médicos nos consultorios do rural durante o verán e un plan de choque para evitar os peches e a redución nos horarios de atención.

Un ano máis, ó chegaren as datas de verán, a Xunta consegue facer realidade un máis difícil aínda: empeorar máis a deficiente atención sanitaria que reciben os galegos e as galegas. Ás eivas tradicionais de longas listas de espera, déficit de persoal, eivas crónicas en urxencias e atención primaria, ou sanidade de segunda no rural, se suman coma sempre os recortes de verán, unha sorte de rebaixas de tempada que os responsables do Sergas pretenden pasar como normais.

Sen o menor vestixio de vergoña, o conselleiro de Sanidade comparece un ano máis, non para presentar un plan de verán que reforce a atención sanitaria; un plan que teña en conta as patoloxías propias do verán ou o incremento de poboación derivado da presenza de turistas ou xente que retorna visitar á familia. Ben ó contrario, os plans de verán do Sergas son sempre de recorte. Así, o Sergas pechará no verán o 8’3% das camas hospitalarias. E o conselleiro Antonio Gómez Caamaño xa dixo, sen despeitearse, que se pechará algún consultorio, “como todos os anos”.

Esta xestión sanitaria que consiste en non resolver os problemas, senón na transformación cara unha cronicidade programada, afecta de novo de xeito máis grave á Galicia rural, na provincia de Lugo. De feito, na actual Área Sanitaria, resultado do desmantelamento das Áreas de Monforte de Lemos e A Mariña, a porcentaxe de camas hospitalarias pechadas será do 11,5%, máis de tres puntos por riba da media galega. En Guitiriz, os recortes extra de verán van supoñer o peche, probablemente por tres meses, do consultorio de Parga e o de Doiras, no concello de Cervantes, ou Castro de Rei, que non recuperaron aínda o horario normal de luns a venres co que contaban antes da pandemia da covid. Na Mariña, o consultorio de Cervo e Centro de Saúde de San Cibrao compartirán unha única médica, que atenderá sen cita, por orde de chegada, en horario de 10:20 h. a 15:00 h.

Levamos anos, os anos de desgobierno do PP, sufrindo recortes constantes nos servizos sanitarios. Recortes en especialidades básicas como a Atención Primaria, as Urxencias ou a Pediatría, como é o caso sangrante do servizo compartido insuficiente para os concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, que teñen que ser derivados a Vilalba ou o propio HULA en Lugo. Recortes en camas hospitalarias. Unhas políticas demoledoras de servizos públicos, nas que os que presumen de boa

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	88/110



xestión impulsan un modelo no que o persoal sanitario non pode coller vacacións, non pode coller baixas ou non se pode xubilar. Nos que se contempla como normal que un médico atenda 50 pacientes ó día, nunha carreira constante de catro minutos por paciente. E en verán, aínda se produce unha descompensación maior derivada do incremento de poboación estival e dos recortes nos servizos públicos destinados á saúde pública.

A Deputación de Lugo mantén o seu compromiso cos servizos públicos universais e de calidade, especialmente ca Sanidade. E consideramos que os recortes da atención no verán supoñen un risco engadido para a saúde da veciñanza, e un sinsentido que vai en contra do traballo que todos facemos para consolidar a provincia de Lugo como un destino turístico sostible e atractivo. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo reclame á Xunta de Galicia:

- 1.- O fin dos recortes na atención sanitaria.
- 2.- O deseño dun plan específico de reforzo da sanidade, tendo en conta as doenzas propias desta etapa do ano e tamén as ratios de incremento de poboación das zonas turísticas.
- 3.- A apertura dos consultorios de Parga, Doiras e Castro de Rei coa recuperación do horario que tiña antes da pandemia da Covid.
- 4.- A recuperación dos servizos e a ampliación dos horarios no consultorio de Cervo e no Centro de Saúde de San Cibrao, coa recuperación da praza de médico que se recortou no ano 2013, a quenda completa durante toda a semana.
- 5.- A substitución de todas as prazas de Medicina de Familia que se atopan sen cubrir por xubilación en Oourol, O Valadouro, Ribadeo, Trabada, Viveiro e Xove ou naqueles centros nos que exista ausencia de profesionais sanitarios como no caso de O Vicedo ou Riotorto.
- 6.- A recuperación dos medios necesarios para evitar que o servizo de pediatría sexa compartido nos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei.
- 7.- A revisión da política de peche de camas hospitalarias e, sobre todo, a revisión do peche do 11,5% previsto para a Área de Lugo e os distritos sanitarios de A Mariña e Monforte de Lemos, que é superior ó da media galega.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Héctor Manuel Corujo González, D. José Pardo Lombao e D. Clemente

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	89/110



Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO QUE DONA ELENA CANDIA ABANDONE A VIDA PÚBLICA, ASUMA AS SÚAS RESPONSABILIDADES POLÍTICAS E PIDA DESCULPAS AOS PREJUDICADOS POLA OPERACIÓN PULPO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción reclamando que dona Elena Candia abandone a vida pública, asuma as súas responsabilidades políticas e pida desculpas aos prejudicados pola operación pulpo.

A pesares de que a mentira ten as patas moi curtas, ás veces as circunstancias permítenlle percorrer un camiño demasiado longo. Tan longo como 12 anos de inxurias e de uso partidista das institucións; 144 meses gastando recursos públicos nunha campaña política deshonesta para destruír os adversarios políticos; 4.380 días prejudicando a imaxe da política lucense, do Concello de Lugo e desta Deputación Provincial.

Logo do arquivo definitivo da chamada Operación Pulpo, estas cifras e letras son o verdadeiro balance da traxectoria política de Dona Elena Candia, e o reflexo dun xeito amoral de facer política que non debería ter cabida nin na nosa provincia nin en ningures. O arquivo e o auto final do xuíz deixa claro que todo o proceso posto en marcha contra os socialistas lucenses, e moi nomeadamente contra o entón presidente desta Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, partía dunha orfandade de indicios. A mentira e as malas artes para destruír un adversario, sementando

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	90/110



sospeitas infundadas, manchando o seu nome e o dos seus, son tamén unha forma perversa de corromper a política.

Como di o xuíz no auto de arquivo da causa, todo se baseou nun escrito anónimo sen fundamento entregado ao PP, nunha peripecia rocambolesca na que as asinantes da denuncia negaron os feitos e o documento foi destruído sen chegar a rexistrarse. E todo mentres a fiscalía concluía que non existían feitos de relevancia penal.

O único que existía detrás da operación Pulpo era a ambición política e os intereses partidistas máis exacerbados. E o desexo de destruír socialmente coa apertura e prolongación dun proceso xudicial a quen non se quería confrontar nas urnas porque se lle temía como rival no xogo limpo dos votos.

A señora Elena Candia, coa aquiescencia e respaldo de Alfonso Rueda e Alberto Núñez Feijóo, foi a impulsora desta actuación, da posta en marcha dunha estratexia xa non política, senón mafiosa, de destrución política e social dun adversario. Unha estratexia que se beneficiou dunha instrución anormalmente longa e pouco rigorosa por parte dunha xuíza vinculada ao PP, que foi expedientada, sancionada e apartada temporalmente da carreira xudicial durante meses polas súas actuacións.

A carreira política de Dona Elena Candia está construída, xa que logo, sobre a mentira e o silencio. As mentiras que ela espallou, e o silencio cómplice dos seus superiores, os presidentes Feijóo e Rueda, que a animaron a poñer en marcha a farsa das denuncias facendo de correo das mesmas, e que, desvelada finalmente a montaxe, calan e a impulsan a cargos orgánicos e públicos como cortina de fume para agochar a vergoña.

Os premios á señora Candia son inversamente proporcionais á súa talla política. Non se premia o seu bo facer, ben ao contrario, multiplícanse os cargos para tentar tapar a catadura real de quen os ocupa. Ese é o modelo político que os populares defenden para Lugo. Un modelo de xogo sucio, de intereses partidistas, de falsedades intolerables en si mesmas pola súa baixeza moral, e intolerables tamén na medida en que esquecen por completo o obxectivo verdadeiro da política: o traballo ao servizo das necesidades das persoas.

O Grupo Provincial Socialista non pode nin poderá nunca aceptar unha praxe política que exacerba o partidismo ata o punto de querer substituír o debate co adversario pola súa destrución. Unha política que é correa de transmisión de denuncias falsas e emprega de xeito ilexítimo os recursos da xustiza para perseguir e apartar a aqueles cos que se teme confrontar nas urnas. Unha política que en lugar de representar aos veciños e veciñas, mancha o nome da cidade de Lugo, da provincia e desta Deputación, todo en función de intereses persoais e partidistas alleos ás necesidades dos e das lucenses.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	91/110



Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para reclamar a Dona Elena Candia, vicepresidenta do Parlamento de Galicia, concelleira do Concello de Lugo, presidenta do Partido Popular de Lugo e vogal do Comité Executivo Nacional do PP:

- O abandono inmediato da vida política, na que non deben ter cabida persoas que avalan comportamentos como os desenvolvidos por ela na posta en marcha da coñecida como operación Pulpo, entre outras.
- Que pida desculpas públicas ás persoas, cargos políticos e funcionarios, que sufriron durante 12 anos a perda reputacional de verse expostos a unha investigación xudicial que carecía de fundamentos.
- Que asuma as súas responsabilidades, recoñeza a súa participación activa na trama e se desculpe ante os lucenses polo uso partidista da administración de xustiza, polo custo do proceso ás arcas públicas, e polo dano feito ao bo nome da política lucense en xeral e á Deputación de Lugo e ao Concello de Lugo moi especialmente.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, cos votos en contra dos señores Deputados D. Héctor Manuel Corujo González, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións, 3 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG. Polo que o Presidente declara rexeitada a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A MELLORA DO PLAN DE LOITA CONTRA A AVESPIÑA DO CASTIÑEIRO PARA PROTEXER OS SOUTOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	92/110



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Xunta de Galicia a mellora do plan de loita contra a avespiña do castiñeiro para protexer os soutos

Exposición de Motivos:

Unha das maiores ameazas para o cultivo de castiñeiro é a avespiña asiática do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), a cal interrompe o crecemento dos brotes e limita a produción do froito.

Dende que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando desde ese momento a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña e con afectacións moi importantes na provincia de Lugo.

Actualmente, este insecto figura no Anexo III (Lista de zonas protexidas e respectivas pragas cuarentenarias de zonas protexidas e os seus códigos respectivos) do Regulamento de Execución (UE) 2019/2072 e está incluído na lista A2 da EPP0.

O control biolóxico da avespiña do castiñeiro baséase na utilización do seu inimigo natural, o parasitoide *Torymus sinensis*, que se desenvolve no interior das agallas e rompe o ciclo biolóxico da praga da avespiña (*Dryocosmus kuriphilus*). Este parasitoide foi introducido con éxito en Xapón, Italia e España, entre outros lugares, con reducións significativas da presenza de agallas varios anos despois de iniciar as soltas do mesmo.

A Consellería comezou a loita contra esta praga dende o ano 2016 coa solta de *Torymus*, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da avespiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	93/110



A loita biolóxica contra a avespiña do castiñeiro enmárcase na 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, concretamente no eixe relativo á protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra os incendios forestais e, dentro del, no obxectivo programático de saúde e vitalidade forestal.

Ao abeiro dese obxectivo, contéplase a elaboración e aplicación do “Programa de saúde e vitalidade forestal de Galicia” como a ferramenta de planificación operativa da sanidade forestal que manteña a capacidade produtiva dos nosos montes e asegure a persistencia das formacións forestais naturais cun nivel de danos reducido.

Porén, descoñecemos como, nin cando, se levaron a cabo as soltas do parasitoide *Torymus*, e non existe notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ao respecto para os propietarios e propietarias de soutos e novas plantacións; mentres que noutras comunidades autónomas onde se realizaron soltas de *Torymus* si que se planifican e executan actividades de divulgación para informar sobre o protocolo de non interferencia no desenvolvemento do individuo e favorecer deste xeito a súa expansión e eficacia.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Demandar da Xunta de Galicia a execución da medida II.2.3. de “Actuacións de difusión, divulgación e formación do programa de saúde e vitalidade forestal”, incluído no eixo II de protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais, dentro da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040.

2.- Instar á Consellería de Medio Rural dependente da Xunta de Galicia a reforzar as medidas de control fitosanitario e loita biolóxica recollidas no eixo 3 de “Desenvolvemento e revitalización de recursos e aproveitamentos”, dentro do “Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña”, destinadas á provincia de Lugo.

3.- Requirit da Xunta de Galicia a necesidade de trasladar a información sobre as actuacións e resultados do control da praga da avespiña do castiñeiro ao ámbito asociativo e cooperativo, titulares de soutos tradicionais de castiñeiros, agrupacións de silvicultores/as activos/as; mediante a organización de xornadas técnicas, simposios, reunións formativas, etc...

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	94/110



4.- Solicitar á Consellería de Medio Rural a posta en marcha dunha campaña divulgativa dirixida a aqueles propietarios/as de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpecer a instalación de poboacións do predador da avespiña e empregar os recursos técnicos e humanos das oficinas rurais e dos centros de investigación agraria dependentes da Xunta de Galicia, para facilitar esta transferencia de coñecemento.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Héctor Manuel Corujo González, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE DEBE TOMAR O GOBERNO ANTE A PROLIFERACIÓN DE PROXECTOS PARA A IMPLANTACIÓN DE PLANTAS DE BIOGÁS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG indicada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do BNG en defensa da adopción de medidas que debe tomar o goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás.

Exposición de Motivos:

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	95/110



O Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer o posicionamento en contra do Goberno Galego á proposición non lei para adoptar medidas diante da proliferación de proxectos de biogás.

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) publicou un estudo sobre o uso enerxético da biomasa, o biogás e os residuos en España desde 2021 ata abril de 2025. Entre outros datos, o informe mostra que anualmente se consumen case 6,5 millóns de tep destes tipos de enerxía. Por enerxía eléctrica xerada, a desagregación destaca a biomasa con 1.177.840 kW, o biogás con 570.904 kW, os residuos con 450.597 kW e os biolíquidos con 6.412 kW. En total, xeráronse 2,2 millóns de kW mediante bioenerxía. A potencia térmica instalada ascendeu a 17,09 millóns de kW.

O estudo ten como obxectivo replicar a operación estatística periódica para sentar as bases para 2021 e dilucidar as tendencias de consumo de biomasa, biogás e residuos en España. Está estruturado nunha primeira sección cun resumo do consumo, seguida do consumo por comunidade autónoma, o consumo por fonte, o consumo por sector, a enerxía térmica e eléctrica e o sector residencial.

O estudo sobre o uso enerxético da biomasa, o biogás e os residuos en España en 2021 mostra que no sector da tecnoloxía dos residuos, o consumo enerxético é de 444.133,01 tep, o 6,85 %; no sector da biomasa, o consumo enerxético en tep é de 5.697.069,22, o que representa o 87,82 %. O biogás representa o 5,08 %, cun consumo enerxético de 329.469,96 tep, e os biolíquidos un total de 16.316,24 tep. En total, o consumo enerxético en tep é de 6.486.988,43.

En canto á distribución da enerxía eléctrica e térmica por área tecnolóxica, a biomasa supón 1.177.840 kW de potencia eléctrica e 16.055.239 kW de potencia térmica instalada; o biogás representa 570.904 kW de potencia eléctrica e 838.463 kW de potencia térmica; os residuos representan 450.597 kW de potencia eléctrica e 187.593 kW de potencia térmica; e, finalmente, os biolíquidos representan 6.412 kW de potencia eléctrica e 15.488,03 kW de potencia térmica instalada.

O total reflicte 2,2 millóns de kW de potencia eléctrica instalada en bioenerxía e 17,09 millóns de kW de potencia térmica instalada.

Por outra banda, o informe inclúe datos sobre os fogares que consumen biomasa: 1.310.973 son fogares rurais e 1.238.271 son fogares urbanos, cun consumo total de biomasa de 1,60 millóns de tep (toneladas equivalentes de petróleo).

Aínda así, a nova versión do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), publicada no outono de 2023, xa propón un aumento dos obxectivos. O Goberno

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	96/110



augmenta os obxectivos de gas renovable a 20 TWh para 2030, duplicando a cantidade cuantificada na Folla de Ruta, pero aínda así non cumpre co plan REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea en 2022 para reducir a dependencia enerxética estratéxica de Europa acelerando o compromiso cos gases renovables, o aforro de enerxía e a electrificación.

A folla de ruta xa identificaba 45 medidas estratéxicas para acadar os obxectivos, moitas das cales, especialmente as destinadas a facer obrigatorio o tratamento dos residuos orgánicos, aínda non se implementaron. Cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos que poden xerar biogás e biometano, o estado español é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Francia e Alemaña.

Malia todo este potencial. Este tipo de enerxía non é inocua, e a miúdo presenta problemas ambientais e sociais difíciles de asumir.

Os cheiros provocados polos materiais que forman parte do dixerido, o tráfico provocado polo transporte destes materiais, os lixiviados derivados do tratamento e dixestión, así como as escorrentías de augas contaminadas; son a miúdo as principais eivas.

A Xunta de Castela e León está acometendo un proxecto de lei que limite este tipo de afeccións, e para iso regulará as distancias mínimas entre as plantas de biometano e os núcleos de poboación, as distancias que poden percorrer os residuos a dixestar.

Establecerá a súa localización a un mínimo de 1.500 metros das poboacións e outras zonas sensibles. Tamén limitará a capacidade destas plantas e os seus procesos, cun volume máximo de 200.000 toneladas ao ano.

Para unha maior eficiencia e unha menor pegada ambiental, a nova regulación establecerá distancias máximas para o transporte de residuos relacionados coas plantas de biogás. Os residuos líquidos poderán transportarse ata un máximo de 20 quilómetros e, en xeral, ata un máximo total de 50 quilómetros.

Para optimizar a xestión dos cheiros producidos polas plantas de biogás, estes estarán limitados por isodores estandarizados. A avaliación do impacto dos cheiros realízase mediante modelos de dispersión que permiten a visualización de isolíñas de cheiros, denominadas isodores, no ambiente que rodea unha instalación.

Tamén se modificará a normativa establecida para a xestión do dixestato xerado tras o proceso de biometanación, e restrinxirase a circulación de camións asociados a

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	97/110



estas instalacións, prohibíndolles circular polas zonas urbanas. Polo tanto, requirirase un plan alternativo de circulación de camiós nos proxectos.

Diante da chegada de multitude de proxectos de biometano e biogás á Galiza e en particular a nosa provincia, faise preciso recoller na lexislación medidas semellantes ás que se regulan en Castela e León, adaptadas á realidade galega.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da Xunta de Galiza, dos seguintes

ACORDOS:

Establecer límites entre as plantas de biogás – biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, nun mínimo de 3.000 metros; e incrementándose proporcionalmente ao volume anual de residuos tratados para plantas de produción neta. Quedando excluídos deste límite aqueles proxectos asociados ao autoconsumo de biogás ou biometano, ou restrinxidos á contorna dun centro produtor de materia prima para a dixestión.

Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos, e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros. Sempre baixo criterios científicos que non comprometa a viabilidade ambiental da planta de biogás-biometana.

Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen.

Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso.

Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural. Limitar a capacidade das plantas de biogás-biometano e os seus procesos de xeito que non sexa preciso transportar os materiais a dixestar en grandes distancias que poñan en risco o equilibrio ecolóxico da propia planta.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Héctor Manuel Corujo González, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	98/110



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 5 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do BNG e polos/as señores/as Deputados/as D. Miguel Fernández Méndez e D^a. Carmen López Moreno do Grupo Provincial Socialista); abstenións, 20 (correspondentes ós señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR TRANSPARENCIA, DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES E A CONVOCATORIA URXENTE DE ELECCIÓN XERAIS ANTE A CRISE INSTITUCIONAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto.

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para esixir transparencia, depuración de responsabilidades e a convocatoria urxente de eleccións xerais ante a crise institucional.

Exposición de Motivos:

A democracia española atravesamos un dos momentos máis delicados da súa historia recente. A confianza cidadá nas institucións atópase seriamente deteriorada e os escándalos que afectan ao Goberno de España sucédense sen consecuencias políticas. Fronte a esta situación, xa non caben escusas nin silencios: é necesario alzar a voz desde todas as institucións democráticas.

O Goberno sostivo a súa permanencia sobre unha rede de alianzas con forzas políticas que cuestionan a unidade nacional, sobre unha preocupante cadea de cesións e sobre decisións que deterioraron o respecto ás institucións do Estado e a credibilidade pública. A gravidade dos feitos acumulados esixe unha resposta firme: a convocatoria inmediata de eleccións xerais.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	99/110



A lista de episodios que comprometen a confianza no Executivo é extensa: coñecemos que dirixentes políticos, tanto en ministerios como en partidos políticos, están sentados no banco por adxudicacións arbitrarias e, en definitiva, corrupción e expulsados do Partido Socialista.

Existen investigacións abertas a persoas da contorna do executivo, relacionadas con empresas públicas e privadas, sumadas a casos polémicos, concesións a partidos independentistas, fracasos legislativos como a lei do “solo sí es sí”, a modificación do delito de malversación ou o uso político da Fiscalía Xeral do Estado. Todo isto evidenciou a falta de transparencia e o uso partidista das institucións públicas. Unha forma de gobernar que dista moito da “limpeza das nosas institucións” que supostamente perseguía o primeiro goberno resultante da moción de censura. Todos estes feitos provocaron unha enorme preocupación social e mediática pola proximidade dos investigados, precisamente, co núcleo político do poder e unha decepción xeneralizada da cidadanía cara á clase política.

Ademais, saíron á luz gravacións nas que se fai referencia a encontros sexuais con mulleres e persoas relacionadas coa trama. A existencia destas conversas resulta inaceptable desde o punto de vista ético e político. Onde queda o respecto ás mulleres e os principios que deben rexer o comportamento dos representantes públicos?

Tamén se sucederon manifestacións de protesta de xuíces e fiscais contra a reforma xudicial do Goberno, pois se cuestiona a súa independencia e imparcialidade.

A recente ratificación da Lei de Amnistía por parte do Tribunal Constitucional intensificou esta fractura. De feito, a Comisión Europea remitiu un informe ao Tribunal de Xustiza da UE alertando sobre os riscos que dita norma pode supoñer para os valores fundamentais do Estado de Dereito.

España necesita rexeneración e a mellor ferramenta democrática para facelo é permitir que os cidadáns se pronuncien de novo nas urnas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da corporación provincial acorda:

1. Condenar con firmeza os actos presuntamente delituosos e actualmente investigados: escándalos, negligencias e prácticas de opacidade na política, así como rexeitar calquera intento de encubrimento ou dilación na asunción de responsabilidades.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	100/110



2. Rexeitar o uso de fondos públicos para o beneficio persoal ou o enriquecemento ilícito, así como toda forma de instrumentalización do poder público en favor de redes clientelares ou intereses particulares.
3. Mostrar a súa profunda preocupación polo deterioro da calidade democrática e polos ataques á independencia xudicial e aos organismos institucionais encargados de garantir o equilibrio de poderes.
4. Defender ás mulleres, a súa dignidade e igualdade.
5. Solicitar a convocatoria urxente de eleccións xerais, a fin de garantir a rexeneración institucional e permitir que os cidadáns decidan o seu futuro libremente.
6. Dar traslado desta moción ao Consello de Ministros, ao Congreso, ao Senado, á FEMP e aos portavoces dos grupos parlamentarios nacionais.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D^a Marisol Morandeira Morandeira e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA DESISTIR DO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO POLÍGONO C E DO SECTOR S13R NO ENTORNO DO PASEO DO RATO EN PARADAI PARA GARANTIR QUE ESES TERREOS SERÁN ZONAS VERDES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	101/110



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular indicada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para desistir do desenvolvemento urbanístico do polígono C e do sector S13R no entorno do paseo do rato en Paradai para garantir que eses terreos serán zonas verdes.

Exposición de Motivos:

O entorno do Paseo do Rato, en Paradai, dispón na actualidade de dúas bolsas de terreos, maioritariamente de titularidade pública, para as que aínda non se remataron os trámites de ordenación urbanística: o polígono C e o sector S13R.

No primeiro caso, segundo a Xunta de Compensación, a Deputación de Lugo é titular do 28,4% dos terreos, ADIF do 20,6% e o Concello de Lugo do 15,9 (é dicir, as administracións públicas controlan o 64,9% desa Xunta de Compensación fronte ao 35,1% en mans dunha empresa privada e un particular). No segundo caso, o impulsor e titular é a Deputación de Lugo. En ambos casos, as administracións públicas teñen a maioría suficiente para decidir sobre o futuro destes terreos e os procesos iniciados.

O polígono C de Paradai conta cun Plan Parcial aprobado inicialmente polo Concello de Lugo. Recentemente foi protagonista das queixas dos veciños e incluso PSOE e BNG chegaron a pedir publicamente que non se edifique. O propio alcalde e deputado provincial, Miguel Fernández, se amosou partidario de non edificar na zona.

O proceso de venda dos terreos do sector S13R, titularidade da Deputación de Lugo, iniciouse no 2005. En xaneiro do 2007 o BOP publica a venda pública que foi adxudicada en marzo dese mesmo ano, venda respaldada de forma unánime polos grupos políticos que formaban parte do Consello de Administración da extinta Suplusa.

No contrato de venda estableceuse un primeiro pago do 30% do total, a realizar no momento da adxudicación, e un segundo e terceiro pagamento vinculados ao desenvolvemento urbanístico dos terreos, por parte da Deputación de Lugo. Circunstancia que en 18 anos aínda non se rematou.

A realidade é que este último paso nunca se executou porque aínda non se aprobou o Plan Parcial, de forma que as parcelas non son edificables. A Deputación de Lugo contrataba unha arquitecta e o presidente da Deputación autorizaba (por Decreto do

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	102/110



20 de novembro de 2024) o pago polos servizos para a 'Adaptación dos documentos para aprobación inicial do Plan Parcial S-13R do ano 2018 aos requirimentos municipais e nova lexislación'.

E, máis recentemente, a Deputación de Lugo acordaba na xunta de goberno do 4 de xullo de 2025:

“PRIMEIRO: Aprobar o presuposto para o exercicio 2025 e réxime de aportación de derramas da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradai, Lugo, no que corresponde á cota da Deputación Provincial que ascende a doce mil seiscentos catorce euros con vinte e un céntimos) (IVE incluído).

SEGUNDO: Aprobar as Contas Anuais, correspondentes ao exercicio 2024 da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradai, Lugo.

TERCEIRO: Aprobar o proxecto de compensación emendado de acordo co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais.

CUARTO: Tomar coñecemento dos acordos adoptados pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Concello de Lugo, referentes á renovación de cargos do Consello Rector e ao estado de tramitación do proxecto de urbanización desta actuación.

QUINTO: Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Lugo”.

Isto supón que o goberno provincial de PSOE e BNG, do que forma parte o alcalde de Lugo, si está a favor de impulsar a edificabilidade en ambas bolsas de solo en Paradai.

Isto supón que o goberno provincial de PSOE e BNG, do que forma parte o alcalde de Lugo, si está a favor de impulsar a edificabilidade en ambas bolsas de solo en Paradai.

Dende o Partido Popular apostamos por garantir un desenvolvemento urbanístico ordenado, coordinado cos veciños e transparente, que permita preservar zonas verde no Paseo do Rato, que foi impulsado fai décadas por gobernos do Partido Popular na Deputación e o Concello de Lugo.

Se os gobernos provincial e local teñen vontade real poden paralizar de inmediato o desenvolvemento urbanístico de ambas bolsas de solo no Paseo do Rato adoptando a decisión de desistir do seu impulso ao ter a maioría necesaria e o control absoluto de ambas Xuntas de Compensación.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	103/110



Por outra banda, a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é posible. Como exemplo, o Concello de Lugo aprobou en xunta de goberno o 29 de xaneiro de 2025 unha modificación da clasificación e cualificación urbanística dos terreos do Garañón. O acordo é o seguinte:

“Modificación do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, no ámbito do URPI-58, segundo a documentación presentada polo equipo redactor no rexistro municipal en data 28-11-2024, coas seguintes condicións:

- a) O ámbito da modificación manterá a súa clasificación como solo urbano non consolidado.
- b) A cualificación urbanística de zona verde e de equipamento dos terreos ao sur do ámbito en contacto coa Rolda do Carme, chegará ata onde empeza a beirarrúa existente”.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da corporación provincial acorda:

- 1.- Instar ao Concello de Lugo, á Deputación provincial de Lugo e demais administracións implicadas a desistir do desenvolvemento urbanístico que están impulsando no Paseo do Rato (polígono C e sector S13R de Paradai).
- 2.- Levar a cabo as modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo e demais planeamento urbanístico para garantir que a totalidade da superficie do polígono C e o sector S13R de Paradai se clasifiquen como solo urbano non consolidado e se destine a usos dotacionais públicos, como zona verde, viario ou equipamento. “

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D^a Marisol Morandeira Morandeira e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	104/110



do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=10>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 11 DE XULLO DE 2025 RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DOS DEPUTADOS DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E RATIFICACIÓN DO PARÁGRAFO 2º DO DECRETO DE PRESIDENCIA DA DATA 11 DE XULLO DE 2025, EN RELACIÓN CO PARÁGRAFO 8.3 DO ACORDO PLENARIO DE DATA 12 DE XULLO DE 2023.

Logo de ver a resolución da Presidencia indicada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2023, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.

Resultando que dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión de dedicacións exclusivas e parciais para os Sres. Deputados.

Tendo en conta que con data 20 de febreiro de 2025 o Deputado Provincial don Miguel Fernández Méndez presentou a renuncia a súa dedicación exclusiva, procede modificar as dedicacións exclusivas e parciais dos deputados don Francisco Cajoto Caserío, dona María del Pilar García Porto e don Iván Castro Díaz.

Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, arts. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 225 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Socialista, **RESOLVE:**

1º.- Modificar a resolución de 17-07-23 de forma que as retribucións a percibir polos deputados provinciais, en réxime de dedicación, exclusiva e parcial, serán as que, a continuación se relacionan, coa retribución anual que igualmente se indica:

- Don Francisco Cajoto Caserío, delegado da Área de Recursos Sostibles. Réxime de dedicación exclusiva cunha retribución anual de 61.499,90 €.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	105/110



- Dona M^a del Pilar García Porto, delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo. Réxime de dedicación exclusiva cunha retribución anual de 61.499,90 €.
- Don Iván Castro Díaz, delegado da Área de Participación Cidadá. Réxime de dedicación parcial dun 75 % cunha retribución anual de 46.124,96 €.

2º.- A modificación de retribucións sinalada no punto anterior conleva a modificación do acordo Plenario punto 8.3 de data 12-07-2023, no sentido seguinte:

- a) Deixar sen efecto a dedicación exclusiva do deputado delegado da Área de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento.
- b) Determinar que a dedicación do deputado delegado da Área de Recursos Sostibles sexa exclusiva, en lugar do 75%, como dedicación parcial que tiña asignada.
- c) Determinar que a dedicación do deputado delegado da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo sexa exclusiva, en lugar do 50%, como dedicación parcial que tiña asignada.
- d) Determinar que a dedicación do deputado delegado da Área de Participación Cidadá, sexa parcial dun 75%, en lugar do 50%, como dedicación parcial que tiña asignada.

3º.- As dedicacións exclusivas e parciais anteriormente citadas terán efectos do día 1 de xullo de 2025, previa aceptación de dito réxime mediante sinatura da acta de comparecencia.

4º.- Elévase ó Pleno para a súa ratificación na primeira sesión que celebre.

5º.- Publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á resolución anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=11>

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	106/110



12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de xuño de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2991 ao 3666.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=12>

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=13>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó arranxo das vías provinciais LU-P-5713 e LU-P-5701 o seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada provincial LU-P-5713 que comunica Sarria coa parroquia de Piñeira foi obxecto dunha intervención entre agosto e setembro do 2024 nun tramo de 2km. E, preto de 11 meses despois, nese mesmo treito onde se levaron a cabo as actuacións, o seu firme xa presenta deficiencias que supoñen un risco para os usuarios desta vía provincial.

Concretamente, presentaba un burato no centro da plataforma da calzada que, trala denuncia pública deste Grupo Provincial, foi corrixido; pero a intervención é unha nova chapuza. Primeiro aplican aglomerado sen corrixir as deficiencias estruturais da vía e, despois, tapan o burato con formigón, un material ríxido que non é o indicado.

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	107/110



As deficiencias nas vías provinciais esténdense tamén á LU-P-5701, a estrada de Céltigos, onde se rexistra o mesmo problema que en Castroverde que se derrete o asfalto da vía os días de calor producindo molestias aos vehículos ao seu paso pola zona e facéndoo case intransitable a pé.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo se deixe de chapuzas e realice as xestións oportunas para acometer o arranxo destas vías provinciais de forma urxente para garantir a seguridade dos usuarios, que complete a mellora da totalidade das estradas LU-P-5713 e LU-P-5701 e que tome as medidas necesarias para que as intervencións en vías provinciais se realicen coas debidas garantías de execución e acabado.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co desbroce das marxes das estradas provinciais, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A seguridade dos seus usuarios das estradas provinciais debe ser unha prioridade para o goberno da Deputación de Lugo.

O Grupo Provincial Popular ten denunciado o mal estado do firme e outras deficiencias das vías da Deputación, pero tamén ten advertido da necesidade de realizar o desbroce das súas marxes para garantir a visibilidade e, polo tanto, mellorar a seguridade.

O goberno provincial ten anunciado que a mediados de xullo estarían rozadas as estradas provinciais nos 67 concellos, pero a finais de mes aínda hai municipios sen desbrozar.

Un exemplo é o municipio de Trabada onde, a piques de rematar o mes de xullo, os desbroces das estradas provinciais non se remataron, dificultando a circulación en varios destes viais xa que a maleza invade a calzada.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Axilice os traballos de desbroce das marxes das estradas provinciais onde aínda non se realizou e que para o vindeiro ano as rozas se realicen o antes posible para dispoñer xa a comezos do verán de vías provinciais en condicións de seguridade; ao

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	108/110



mesmo tempo que se colabora cos traballos de prevención de incendios e se proxecta unha boa imaxe da nosa provincia ás persoas que nos visitan durante a época estival.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó pacto interno do PSOE, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Cando vai facer público integramente o pacto interno do PSOE e o custo para os veciños da provincia de Lugo da tregua temporal do Partido Socialista para que José Tomé poida seguir á fronte do goberno da Deputación?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó desenvolvemento do polígono industrial de Baralla, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Nos últimos anos este Grupo Provincial, xunto co portavoz do PP na Fonsagrada, demandamos en numerosas ocasións o desbloqueo do polígono industrial de A Fonsagrada que o goberno provincial presidido por José Ramón Besteiro anunciara no ano 2009.

Agora, logo de dezaseis anos de retraso, aprobouse a licitación das obras de urbanización desta zona industrial tan necesaria para o desenvolvemento empresarial deste concello.

Pero a pesar deste desbloqueo, temos que lamentar que o goberno bipartito desta institución provincial continúe sen cumprir os compromisos en materia de desenvolvemento industrial de máis municipios da provincia, como é o caso do polígono industrial de Baralla, unha área con máis de 200.000 metros cadrados, iniciado hai 19 anos pola Deputación e paralizado completamente polos distintos gobernos de PSOE e BNG a pesar de terse realizado xa un investimento de case 1,5 millóns de euros.”

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	109/110



<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250729&punto=14>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Fecha y Hora	01/08/2025 15:09:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T4SZDF4HC5GXZBVG5CR7VGE	Página	110/110

